



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2018/C003/000013

Ref.:IVCR

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA FINANCIADA CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), “POS+2018”, MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NA AVENIDA DE GALICIA (FASE 2ª)

ANTECEDENTES:

Os antecedentes do expediente, con referencia 2018/C003/000013, son os seguintes:

- O Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS + 2018, aprobouse en sesión plenaria extraordinaria urxente de data 19/12/2017. Os días 14/03/2018 e 02/05/2018 o Pleno do concello ratificou diversos decretos de corrección de erros relativos a estes investimentos. Os proxectos técnicos das obras aprobáronse nas diversas sesións plenarias.
- O proxecto técnico da obra “Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase 2ª (POS + 2018)” ten data novembro de 2017 e o redactou o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Miguel Ángel Fernández Rivera. O proxecto contén a declaración de obra completa. O orzamento base de licitación é de 180 372,92 €.
- A Circular da Deputación Provincial da Coruña respecto da elaboración do POS + 2018 recibíuse no concello en data 23/05/2018 (RE 2698). Este Plan o aprobou a Deputación Provincial en sesión de data 16/05/2018; o plan está condicionado ao transcurso do período de información pública de 10 días hábiles (BOP núm. 94 do 21/05/2018). Tamén se condiciona á entrada en vigor un expediente de modificación orzamentaria (BOP núm. 95 do 22/05/2018).
- A providencia de inicio dos expedientes financiados con cargo ao POS + 2018 ditouse en xuño de 2018.
- A acta de comprobación do trazado de planta é de data 01/08/2018.
- O prego de cláusulas administrativas ten data agosto de 2018. O prego asinou o día 31/08/2018.
- O día 31/08/2018, o oficial maior municipal emite informe xurídico favorable.
- O informe de fiscalización do interventor accidental municipal núm. 435/2018, é de data 31/08/2018; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente coa seguinte conclusión: infórmase favorablemente a legalidade das súas cláusulas.

FUNDAMENTOS LEGAIS:

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); os artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e a D.Ad.IIª, número 1, da LCSP, que recolle o réxime de competencias na contratación local:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2018/C003/000013

Ref.:IVCR

Por iso, RESOLVO, á vista dos antecedentes citados e do disposto no punto 6º do decreto 1246/2015, do 03 de xullo, de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local; do artigo 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avocación de competencias delegadas por circunstancias de índole técnica; así como do decreto 1092/2018, do 27 de xullo, de substitución nas funcións da Alcaldía no mes de agosto de 2018 por motivo da ausencia por vacacións dos tenentes de alcalde:

- 1º) Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para aprobar este expediente, á vista da ausencia por vacacións dos tenentes e tenenta de Alcaldía.
- 2º) Aprobar o expediente de licitación da obra denominada “Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia. Fase 2ª”, financiada con cargo ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS + 2018. A obra licitarase a través do procedemento aberto, tramitación simplificada.
- 3º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.
- 4º) Autorizar un crédito de 180 372,92 €, con cargo á partida 1532.619.03.

As Pontes de García Rodríguez, 31 de agosto de 2018